



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 4 DE MARZO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E  
TURISMO**

- Decreto polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2021.
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sustentable. Nova senda na OU-402. Treito: Reza. Puntos quilométricos 1+090-3+780", de clave: OU/19/135.06.1, no concello de Ourense.

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E  
TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto, do servizo de limpeza, atención e cobramento ao peregrino na rede pública de albergues do Camiño de Santiago, por un orzamento de licitación, sen IVE, de seis millóns novecentos vinte e cinco mil cincocentos sesenta e oito euros con sesenta e oito céntimos (6.925.568,68€) e un valor estimado de dezaseis millóns seiscentos vinte e un mil trescentos sesenta e catro euros con oitenta e catro céntimos (16.621.364,84€).
- Acordo polo que se toma razón da encarga á empresa pública de Servizos Galegos S.A. (Seaga) para a execución do Programa galego de vixilancia e control fronte á vespa asiática (vespa velutina) para o ano 2021.

**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E  
INNOVACIÓN**

- Acordo polo que se exime de constitución de garantías nos pagamentos



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

anticipados derivados da convocatoria para o exercicio 2021 das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2021-2022, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, así como da constitución de garantías ás entidades colaboradoras que participarán na xestión destas axudas; por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000,00 €).

### CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproba o Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023.

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gasto plurianuais derivados da Resolución pola que se procede á convocatoria pública, para a anualidade 2021, das axudas financeiras do Programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de edificios e vivendas.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo para o control aerobiolóxico de Galicia, por importe de cento setenta e catro mil douscentos corenta euros (174.240,00€).

## INFORMES

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o novo índice de calidade do aire e cambios na web de calidade do aire.
- Informe sobre a convocatoria de axudas para a adquisición de vivendas en centros históricos.
- Informe sobre o Plan estratéxico da paisaxe galega 2021-2024.

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de catrocentos seis mil corenta e un euros e oitenta e catro céntimos (406.041,84 €).



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia da realización de diversas actuacións e subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de cincuenta mil cincocentos setenta e oito euros e oitenta e oito céntimos (50.578,88 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia de diversas subministracións de investimentos para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de cincuenta e tres mil douscentos noventa e sete euros e dezaseis céntimos (53.297,16 €).
- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia da contratación polo tramite de emerxencia da compra de diversas subministracións para a Área Sanitaria da Coruña e Cee, para facer fronte á pandemia da COVID-19, por importe de dous millóns catrocentos noventa e dous mil oitocentos noventa e nove euros e cincuenta e oito céntimos (2.492.899,58 €).
- Informe sobre a subministración de radiocirúrxicos con destino aos bloques cirúrxicos de diversos hospitais do Servizo Galego de Saúde.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o Plan de actuación no ámbito do material forestal de reprodución nos anos 2020-2021 (MFR).

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre primeira venda en Galicia de pesca fresca en 2020.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**A XUNTA DECRETA OS SERVIZOS MÍNIMOS ESENCIAIS DURANTE A FOLGA CONVOCADA PARA O DÍA 8 DE MARZO**

- ***O decreto ten en conta as circunstancias sanitarias en que se vai desenvolver e as restricións por mor da pandemia á hora de establecer os servizos mínimos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que dita as normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o vindeiro luns, 8 de marzo, pola Central Unitaria de Traballadores (CUT), a Confederación Intersindical Galega (CIG), o Sindicato de Oficios Varios da Confederación Nacional de Traballo de Vigo (CNT-Vigo) e o Sindicato de Traballadores e Traballadoras do Ensino de Galicia (STEG) que se iniciará ás 00.00 horas do 8 de marzo e finalizará ás 00.00 horas do 9 de marzo, aínda que para as mulleres do sector da prensa escrita (xornais) a folga se iniciará ás 00.00 horas do 7 de marzo e finalizará ás 00.00 horas do día seguinte.

Mediante este decreto recóllense os servizos esenciais que se deberán respectar no ámbito da Presidencia da Xunta, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e das consellerías de Facenda e Administración Pública; Medio Ambiente, Territorio e Vivenda; Infraestruturas e Mobilidade; Cultura, Educación e Universidade; Emprego e Igualdade; Sanidade, Política Social, Medio Rural e Mar, así como na Corporación Radio Televisión de Galicia (CRTVG).

Tendo en conta que a folga se celebrará nun luns, día laborable, o decreto recolle aqueles servizos esenciais que deberán estar operativos nos departamentos que traballan con menores ou maiores, os que se encargan da xestión de servizos básicos e os que teñen que ver coas emerxencias e urxencias.

Como a convocatoria do 8M deste ano coincide coa pandemia sanitaria e as restricións adoptadas, o decreto tamén ten en conta ese aspecto á hora de establecer os servizos mínimos, sobre todo nos ámbitos da educación e da sanidade.

No ámbito educativo refórzase o persoal educativo que deberá permanecer nos centros, sobre todo no caso do alumnado con necesidades educativas especiais, así como as medidas xerais de limpeza.

No ámbito sanitario, os servizos deben garantir o cumprimento das normas esenciais para asegurar o control de calquera incidencia que se poida producir nos establecementos e servizos de sanidade ambiental ou alimentaria. Pero, ademais, o decreto especifica que, pola covid-19, os servizos deben garantir o seguimento da situación epidemiolóxica e da inmunización colectiva seguindo os protocolos establecidos.

O documento recolle tamén o mantemento dos servizos públicos esenciais de información á comunidade, asegurando a continuidade das emisións radiofónicas e televisivas da CRTVG.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE APROBAN OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA**

- ***Apróbanse os novos estatutos adaptados a nova lexislación, concretamente á Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CEE do Parlamento Europeo***
- ***Na actualidade o colexio conta con 3205 colexiados***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, que foi creado polo Decreto 120/2000, do 19 de maio, e figura inscrito no Rexistro de Colexios Oficiais e Consellos de Colexios Profesionais da Xunta de Galicia. Na actualidade o colexio conta con 3205 colexiados.

O obxecto deste decreto é a aprobación duns estatutos adaptados a nova lexislación, concretamente á Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de maio de 2006, relativa aos servizos no mercado interior, que introducen importantes cambios na regulación dos colexios profesionais (Lei ómnibus galega)

Por tratarse dun colexio de ámbito autonómico, correspóndelle a aprobación dos estatutos e as súas modificacións á Xunta de Galicia, mediante Decreto (artigo 18 da Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia). Os vixentes estatutos foron aprobados por Decreto 114/2008, do 22 de maio (DOG núm. 110, do 9 de xuño).

De conformidade co establecido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, incorporanse diversas modificacións como a inclusión entre os fins do colexio a protección dos intereses dos consumidores e usuarios, a regulación do exercicio profesional en forma societaria de conformidade coa normativa de sociedades profesionais e rexistro de sociedades profesionais, a regulación da colexiación nos termos establecidos na normativa vixente, o sometemento dos colexiados á lexislación sobre defensa da competencia, competencia desleal e publicidade, ademais de novos servizos de información accesibles aos colexiados e cidadáns, a través da páxina web do colexio.

**O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A EXECUCIÓN DUNHA SENDA NA ESTRADA OU-402 EN REZA, NO CONCELLO DE OURENSE, CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 1,1 MILLÓN DE EUROS**



- **A actuación incorpora as achegas realizadas ao proxecto inicial, de forma que a senda será de uso exclusivamente peonil**
- **A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no segundo trimestre deste ano**
- **Mellorarase a seguridade e a mobilidade dos viandantes nun tramo de case 2,7 km de lonxitude que hoxe carece de beirarrúas**
- **Habilitaranse zonas de aparcadoiro e zonas de paradas de autobús cos seus refuxios, tanto na marxe dereita como na esquerda da estrada**
- **Modificarase o deseño do pavimento e da sección transversal nos primeiros 30 metros, seguindo as indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar a nova senda na estrada autonómica OU-402 en Reza, no concello de Ourense.

O investimento estimado polo Goberno galego para executar as actuacións proxectadas rolda os 1,1 millón de euros, no cal se inclúe o pagamento dos 45 predios precisos para executar as actuacións proxectadas.

Esta actuación incorpora as achegas presentadas á proposta inicial, de forma que a nova senda, que se construíra entre os puntos quilométricos 1+090-3+780 da OU-402, terá un uso exclusivamente peonil. A parte do proxecto que prevía unha senda pola marxe dereita do río Miño segregárase e tramitárase nun proxecto diferente.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá á convocatoria do levantamento de actas previas e á licitación da actuación no segundo trimestre deste ano. Os traballos contan cun prazo de execución de 6 meses.

### **As actuacións proxectadas**

Este proxecto ten por obxecto actuar nun tramo de case 2,7 km de lonxitude na OU-402 que carece de beirarrúas, polo que os peóns circulan actualmente polas beiravías da estrada. Deste xeito, a execución da senda dotará de maior seguridade aos viandantes e favorecerá unha mobilidade máis sustentable.

A nova senda executarase pola marxe dereita da estrada, sendo o largo mínimo de 1,80 metros. Deseñase separada do tronco da estrada por diferentes elementos de separación, segundo o tipo de sección adoptada. Estes elementos poden ser: unha gabiá revestida de largo 1,20 m ou 1,70 m e con perfil de seguridade; unha parte de vexetación; un bordo de sinalización; ou a combinación dos tres elementos anteriores. Para dar cabida á senda será necesario ampliar a plataforma da estrada, coa execución de 6 muros de sostemento de coeira e 7 muros de formigón armado coa mesma función.

As actuacións previstas inclúen a execución de zonas de aparcadoiro ao longo do seu trazado e paradas de autobús cos seus refuxios correspondentes, tanto na marxe dereita como na esquerda da estrada.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Ademais, modificarase o deseño do pavimento e da sección transversal da senda nos primeiros 30 metros do trazado, seguindo as indicacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Planta xeral da actuación:



Planta de detalle (paradas de autobús en ambas as marxes da estrada e os aparcadoiros):



## **LICITADO O CONTRATO DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN, LIMPEZA E COBRAMENTO NOS ALBERGUES PÚBLICOS DO CAMIÑO POR IMPORTE DE CASE 7 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O Consello da Xunta autorizou a tramitación do expediente deste contrato cunha duración de dous anos prorrogable a outros dous***
- ***Esta contratación permitirá seguir ofrecendo os servizos de calidade aos peregrinos aloxados na Rede pública de albergues do Camiño de Santiago***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación da contratación dos servizos de atención ao peregrino, limpeza e xestión do cobramento dos albergues públicos e puntos ou centros de información ao peregrino xestionados pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo por importe de 6,9 millóns de euros.

O novo contrato, que terá unha duración de dous anos, permitirá a contratación dos servizos de atención, limpeza e cobramento en 55 albergues de xestión directa, 51 deles xa en funcionamento e 4 que se incorporarán á Rede pública de albergues ao longo do período obxecto do contrato.

Neste mesmo contrato inclúense tamén a contratación destes mesmos servizos nos 3 puntos de información ao peregrino que dependen directamente na súa xestión da S.A. de Xestión do Xacobeo así como o servizo de xestión de cobramento nos 19 albergues restantes que conforman a Rede pública de albergues e que teñen xestión cedida a outras entidades.

A S.A. de Xestión do Xacobeo asumirá o financiamento desta partida orzamentaria; esta contratación terá un valor máximo estimado de 16,6 millóns de euros no caso de que o contrato se prorrogue dous anos máis.

### **Servizos e impacto**

A Rede pública de albergues do Camiño de Santiago acolleu en 2019 máis de 305.000 peregrinos de múltiples lugares do mundo, a cifra máis alta acadada ata o momento na ruta xacobeá. A todos eles, os albergues ofrécenlles servizos de calidade adaptados ás súas necesidades, con numerosas actuacións acometidas nos últimos anos en materia de mellora da accesibilidade, eficiencia enerxética ou dotación de novos servizos.

Cómpre destacar, ademais, que a rede de albergues públicos galegos permite a dinamización socioeconómica de moitos dos territorios en que se asentán, ademais de contribuír á difusión do patrimonio cultural e paisaxístico das diferentes rutas que conforman o Camiño de Santiago.





## A XUNTA RENOVA A ENCOMENDA Á EMPRESA PÚBLICA SEAGA PARA A RETIRADA DE NIÑOS DE VESPA VELUTINA NO MARCO DO PLAN DE LOITA CONTRA ESTA ESPECIE EN COORDINACIÓN COS CONCELLOS

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo para renovar a encarga, dotada con 1,7M€, tendo en conta os bos resultados do ano pasado con máis de 16.700 niños retirados***
- ***Un total de 300 concellos están adheridos a este plan acordado coa Fegamp, o que supón o 96% dos municipios galegos, dos cales 285 xa se uniran en 2020 e aos que agora se suman outros 15 máis***
- ***O equipo de intervención contará co equipamento necesario para levar a cabo a eliminación dos niños que se atopen accesibles nun prazo medio de 5 días hábiles desde que se recibe o aviso no teléfono 012***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao proxecto de acordo polo que a empresa pública de Servizos Galegos (Seaga) será a encargada de executar tamén este ano o programa galego de vixilancia e control fronte á vespa velutina coa retirada e destrución dos niños da vespa velutina en todo o territorio galego en colaboración cos concellos adheridos a esta iniciativa.

En total, ata o momento 300 municipios galegos, o 96% do total, confirmaron a súa adhesión ao Plan de loita contra esta especie acordado entre a Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Deles, 285 concellos xa se uniran o ano pasado e os 15 restantes amosaron a súa disposición para sumarse neste exercicio.

O orzamento da encomenda para este ano ascende a 1,7 millóns de euros destinados á execución dos traballos. En termos xerais, o prazo máximo será de 5 días hábiles desde que se recibe o aviso no teléfono de información e atención á cidadanía 012. En casos con dificultades, o tempo de resposta poderá ser superior a ese prazo.

O Goberno galego xa viña traballando desde o 2014 nun programa de vixilancia e control para minimizar o impacto da vespa asiática na comunidade e, ante o aumento da súa presenza, decidiu redobrar os esforzos e actuar coa Fegamp coa posta en marcha deste plan co que frear o seu avance.

Así, a Xunta e a Fegamp acordaron o ano pasado poñer en marcha de maneira coordinada e conxunta este plan para a retirada dos niños da vespa velutina en toda a comunidade, o que supuxo a colaboración cos concellos nos labores de retirada e extinción de niños.

No marco deste programa, a Xunta actuou en 2020 en 285 concellos e o operativo de Seaga encargado da encomenda retirou 16.700 niños: 8.640 deles na provincia da Coruña, máis de 2.000 na de Lugo, máis de 1.300 en Ourense e case 5.000 na de Pontevedra.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Debido aos bos resultados acadados o ano pasado e unha vez rematada a vixencia da encomenda, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á renovación para a eliminación e retirada dos niños activos.

A empresa contará cun equipo de coordinación que organizará os equipos de intervención, dotados con todo o material e medios necesarios para a realización das actividades en condicións de seguridade (epis, pértegas, escopetas, marcadoras, insecticida, transporte, material informático...). A Xunta xa reforzou o ano pasado os recursos do equipo coa adquisición de novas marcadoras de aire comprimido de gran alcance, pértegas de fibra de carbono e bombas de batería para a impulsión de biocida. Ademais, o persoal disporá da formación requirida na lexislación vixente, en concreto o Real decreto 830/2010, do 25 de xuño, polo que se establece a normativa reguladora da capacitación para realizar tratamentos con biocidas.

### Outras actuacións

A Xunta potenciará tamén o portal da internet "Eido local" ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal)) como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións, así como a información relativa á xestión de todos os avisos de niños de vespa velutina recibidos polo 012 respecto do seu ámbito territorial.

Pola súa parte, os concellos que se adhiran a este programa asumirán o compromiso de coordinarse coa Xunta na retirada de niños de forma que os concellos, por requirimento da Administración autonómica, prestarán a súa colaboración realizando as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de vespa velutina.

Tamén está previsto neste programa a actuación dos servizos de emerxencias cando se trate de niños de velutinas tipificados como de risco no Centro de Atención ás Emerxencias (CIAE) 112 Galicia unha vez derivados desde o 012.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

### A XUNTA READAPTA O PLAN FOEXGA PARA SEGUIR IMPULSANDO A PROMOCIÓN EXTERIOR DAS PEMES NO NOVO CONTEXTO INTERNACIONAL

- ***A nova convocatoria ten unha dotación de 2,3M€ e apoiará a participación de ao redor de 630 empresas en 160 accións de internacionalización en máis de 20 países, realizadas en formato presencial e noutros alternativos como o dixital***
- ***A iniciativa, que se desenvolve en colaboración coas cámaras de comercio, inclúe como novidade a achega de anticipos pola metade das axudas concedidas***
- ***Galicia pechou 2020 exportando por cuarto ano consecutivo máis de 20.000M€ e situándose como a quinta comunidade que máis vende ao exterior***

A Xunta de Galicia activa a nova convocatoria do Plan Foexga cunha dotación de 2,3 millóns de euros para facilitar que unhas 630 empresas galegas leven a cabo accións de promoción nos mercados exteriores. Como vén de coñecer o Consello da Xunta, a nova edición do programa adáptase ao actual contexto do comercio a nivel mundial provocado pola pandemia da covid-19, as súas consecuencias económicas e as medidas de protección. Deste xeito, vai permitir que as empresas poidan asistir aos eventos de promoción tanto en formato presencial como noutros alternativos, como o dixital.

As axudas do Foexga para 2021 e 2022 contribuirán ao desenvolvemento de máis de 160 actuacións de impulso da presenza das pemes galegas en máis de 20 destinos como China, India, Israel, Xapón, Portugal, Marrocos, Brasil, Emiratos, Estados Unidos ou Canadá, entre outros países.

O programa da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación –a través do Igape–, que se desenvolve en colaboración coas cámaras de comercio, conta por unha banda cunha convocatoria por 2 millóns de euros destinada a pequenas e medianas empresas e cofinanciada con Fondos Feder. Ademais, co obxectivo de reforzar a participación das pemes nas accións de promoción e favorecer a súa imaxe nos mercados exteriores, complementábase cun programa dotado con 300.000 euros e que dá cabida a empresas de máis tamaño. Isto facilita que as compañías máis grandes actúen como tractoras das pemes.

Desde 2014 o Plan Foexga leva facilitado que máis de 2200 pequenas e medianas empresas galegas melloren a súa presenza no exterior mediante a participación en 429 eventos internacionais, como misións comerciais e feiras. Os apoios achegados a través desta liña acadaron os 9,4 millóns de euros ata 2020.

Esta iniciativa forma parte da batería de medidas que a Xunta terá activas este ano para impulsar a internacionalización das empresas galegas e contribuír a que o tecido produtivo da Comunidade dispoña de máis instrumentos para impulsar a súa reactivación económica.

### Galicia Exporta Dixital

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Nestes momentos está activa a nova convocatoria do Galicia Exporta Dixital, que conta con 6 millóns de euros para impulsar as vendas internacionais de pemes, autónomos e comercios a través de ferramentas dixitais innovadoras. Os interesados poden solicitar os apoios ata o 30 de xuño. Tamén está aberta a convocatoria das axudas para a contratación de expertos en comercio exterior que poderán solicitar pemes e organismos empresariais e que facilitarán a incorporación ao mercado laboral de 75 mozos e mozas e persoas maiores de 45 anos en situación de desemprego.

Ademais, está en marcha a Oficina Brexit, o novo programa que permitirá ás compañías galegas exportadoras e importadoras coñecer e adaptarse aos novos requisitos derivados da saída do Reino Unido da Unión Europea. Recolle cinco servizos: as axudas do Cheque Brexit –das cales está aberto o prazo de solicitude ata o 17 de maio–, unha nova antena en Londres, a ferramenta de autodiagnóstico xa en funcionamento, o servizo Brexit Igape Responde e medidas complementarias de información e formación.

As vendas ao exterior galegas sumaron o ano pasado un total de 20.871,7 millóns de euros, o que supón quedar por cuarto ano consecutivo por riba dos 20.000M€. A boa evolución de sectores estratéxicos como a automoción ou o conserveiro ten permitido a Galicia pechar o 2020 cun mellor comportamento das exportacións que o do conxunto do Estado. Así, na Comunidade as exportacións baixaron o ano pasado un -6% con respecto a 2019, mentres que a media de España é do -10%, catro puntos máis. As vendas galegas no exterior supoñen un 8% do total estatal, o que permite a Galicia situarse como a quinta comunidade en volume de vendas, subindo un posto con respecto a 2019.

O número de empresas galegas que exportaron durante o pasado ano mantívose por riba das 7000, barreira que se superou por vez primeira en 2018. En concreto, foron 7118. En canto ás exportadoras regulares -as que venderon produtos ao exterior nos últimos catro anos de forma consecutiva-, acadaron as 2519.



## A XUNTA DESEÑA 26 MEDIDAS PRIORITARIAS NUN PLAN PARA POTENCIAR A CALIDADE DOS SERVIZOS PÚBLICOS E OPTIMIZAR A ATENCIÓN Á CIDADANÍA

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o primeiro Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023***
- ***Entre as medidas, destacan a simplificación e dixitalización dos procedementos administrativos, a mellora da formación dos empregados públicos ou o reforzo do sistema de atención aos cidadáns***

A Xunta de Galicia deseñou 26 medidas prioritarias nun plan para potenciar a calidade dos servizos públicos e optimizar a atención á cidadanía. O Consello da Xunta aprobou hoxe o primeiro Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos públicos do sector público autonómico de Galicia 2021-2023 que permitirá avanzar no compromiso do Goberno galego cos principios da boa administración e a gobernanza, e incrementar a satisfacción dos cidadáns.

Este plan enmárcase na Lei 1/2015 do 1 de abril, de garantía de calidade dos servizos públicos e boa administración e ten como obxectivo impulsar unha cultura de calidade, tanto na Administración pública como organización, como en todo o persoal que presta servizos nela co fin de mellorar a eficiencia da prestación dos servizos públicos aos cidadáns.

O Plan xeral de xestión e mellora da calidade dos servizos públicos desenvolverase nos vindeiros tres anos e aplicarase tanto á Administración xeral da Xunta de Galicia como ás entidades instrumentais dependentes dela. Ademais, será obxecto de seguimento a través da Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación.

As 26 medidas prioritarias están estruturadas en 10 eixes de actuación que abordan o funcionamento dos servizos públicos, a xestión da calidade e os instrumentos de mellora da calidade, a racionalización e simplificación de procedementos administrativos, a contratación administrativa, a xestión do persoal, a transparencia, a información e atención á cidadanía, a participación cidadá, a integridade institucional e a difusión e comunicación do propio plan.

### **Avaliación das políticas públicas e simplificación**

Neste marco, o Plan de xestión e mellora da calidade dos servizos públicos recolle medidas para a avaliación das políticas públicas que abarcan desde o momento en que se planifican ata a súa implantación e posterior seguimento; instrumentos para a supervisión da calidade dos servizos que se prestan aos cidadáns; outras medidas encamiñadas a mellorar a calidade das normas que promove a Administración.

Inclúe tamén medidas de revisión e simplificación dos procedementos administrativos para eliminar aqueles que estean en desuso ou sexan innecesarios e reducir de maneira significativa os prazos de resolución; e outras dirixidas a universalizar a tramitación electrónica destes procedementos administrativos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Tamén se continuará co proceso de dixitalización da contratación administrativa a través de ferramentas TIC e coa harmonización dos procedementos de contratación a través de modelos normalizados e coa elaboración de guías que orienten aos traballadores públicos.

### Xestión do persoal e transparencia

No ámbito da xestión do persoal, o Plan implantará un sistema de rexistro de actividade para analizar a carga de traballo do persoal ao servizo da Administración galega; formarase a todos os empregados públicos en xestión de calidade a través de xornadas desenvolvidas pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); e farase un seguimento das actividades que se realicen na modalidade de traballo a distancia para mellorar, entre outros aspectos, a distribución das tarefas.

En canto á transparencia, poranse en marcha medidas para actualizar os contidos dos portais de transparencia e mellorar o funcionamento; ampliáranse os servizos dispoñibles e publicarase a información en formatos que sexan reutilizables para os cidadáns.

### Atención e participación cidadá

Desenvolveranse medidas encamiñadas a reforzar e mellorar o sistema de atención aos cidadáns por parte da Administración galega; medidas para dixitalizar e simplificar as canles de acceso á información pública e outras para o seguimento e análise das queixas e suxestións co fin de incrementar a calidade da prestación dos servizos públicos.

Ademais, o Plan inclúe actuacións para fomentar a participación dos cidadáns a través da creación do *Portal de participación cidadá* co fin de facilitar o envío das súas achegas e mellorar a toma de decisións do Executivo galego, ou a creación de novas canles de participación especialmente dirixidas ás mozas e mozos.

### Outras medidas

No marco do Plan de mellora da calidade dos servizos públicos tamén se aprobará un programa de integridade institucional, e mellorarase a xestión das entidades instrumentais do sector público coa elaboración de plans de actuación, de memorias anuais de resultados das actividades e coa revisión dos seus portais web.

Finalmente, promoverase a actuación coordinada e conxunta da Administración galega e fomentaranse as xornadas e encontros profesionais para poder intercambiar e difundir coñecementos con outras administracións sobre a calidade das políticas públicas.

## A XUNTA DESTINARÁ CASE 200.000 EUROS A PAGAR OS XUROS DE PRÉSTAMOS A PARTICULARES PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS

- ***O Consello autorizou hoxe o gasto derivado da convocatoria para 2021 das axudas do programa de préstamos cualificados para rehabilitar edificios e vivendas***
- ***Os particulares ou comunidades de propietarios interesados na medida poderán optar a un importe máximo de 60.000 euros a través de créditos exentos de comisións e a tipos de interese máis vantaxosos que os do mercado***

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

- **Ademais da concesión do préstamo por parte das entidades financeiras que colaboran no programa, as persoas físicas que resulten beneficiarias tamén poderán pedir unha axuda do Instituto Galego da Vivenda e Solo consistente na subsidiación de ata o 100% dos xuros por un período máximo de catro anos**

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda destinará un total de 199.048,20 euros á subsidiación dos xuros correspondentes aos préstamos que se concedan este ano para rehabilitar edificios e vivendas. Así o acaba de autorizar o Consello da Xunta, que esta mañá lle deu o visto e praxe ao gasto correspondente ás axudas financeiras do programa de préstamos cualificados para a rehabilitación de inmobles de carácter residencial, unha das medidas incluídas no Pacto social pola vivenda presentado a finais do mes de xaneiro.

Cómpre lembrar que estes créditos van dirixidos a particulares e comunidades de propietarios que buscan financiamento para executar obras de rehabilitación en edificios e vivendas (adequación estrutural e construtiva, mellora das condicións de habitabilidade e da eficiencia enerxética, adecuación á normativa sobre accesibilidade e cuestións de acabado xeral) e son concedidos por entidades financeiras que teñen un convenio co Instituto Galego da Vivenda e Solo para ofrecer aos solicitantes unha serie de condicións vantaxosas.

Así, os préstamos poden formalizarse con garantía hipotecaria (avalada por un ben) ou persoal, e están totalmente exentos de comisións. Ademais, os xuros ofrecidos polas entidades bancarias son mellores que os que se atopan actualmente no mercado, con tipos que poden ser fixos ou variables, tal e como se indica no seguinte cadro:

	Garantía	Tipo fixo	Tipo variable	
			Inicial (24 meses)	Resto
Persoa física	Hipotecaria	1,90	1,75	Euribor a 1 ano + 1,25
Persoa física	Persoal	5,25	5,25	Euribor a 1 ano + 4
Comunidade de propietarios	Persoal	5,00	-	Euribor + 4%

Así mesmo, a concesión do préstamo por parte das entidades poderá ir acompañada dunha axuda da Xunta consistente na subsidiación dos xuros correspondentes, sempre que o solicitante cumpra certos requisitos. Así, estas axudas van dirixidas exclusivamente a persoas físicas, xa sexan propietarias ou teñan calquera outro título que acredite a posesión do inmovible, e sempre que os seus ingresos non superen en 5,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM).

A porcentaxe da subsidiación dos xuros e a súa duración poderá chegar ata o 100% durante un máximo de catro anos, pero dependerá de cada beneficiario. Deste xeito, cando os ingresos da unidade de convivencia do solicitante sexan menores ou iguais a 4 veces o IPREM, a Xunta asumirá o 100% dos xuros por 48 meses; mentres que se son maiores de 4 e menores de 5,5 veces o IPREM, cubrirá o 80% dos xuros durante 36 meses.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

As comunidades de propietarios tamén poderán acceder aos préstamos cualificados, pero non ás axudas para pagar os xuros. Igualmente poderán acollerse ao programa, a título individual, as persoas que formen parte destas comunidades e participen nas actuacións.

### **Entidades financeiras colaboradoras e requisitos**

Abanca, Caixa Rural Galega, CaixaBank e Banco Sabadell son as entidades que ofrecen actualmente este tipo de créditos para as persoas físicas, mentres que Abanca, Caixa Rural Galega e Deutsche Bank manteñen un convenio co IGVS para os préstamos a comunidades. A concesión, en todo caso, estará suxeita á avaliación dos riscos por parte das entidades financeiras. Ademais, para acceder aos préstamos cualificados, os ingresos da unidade de convivencia do solicitante non poderán ser superiores a 6,5 veces o IPREM.

En canto ao prazo de amortización, no caso de propietarios particulares poderá establecerse entre seis meses e 15 anos. Cando os préstamos os soliciten directamente comunidades veciñais, o prazo de amortización quedará establecido nun máximo de 10 anos.

No caso dos préstamos concedidos con garantía hipotecaria, o importe límite será de 60.000 euros, mentres que para os que se outorguen con garantía persoal, a contía máxima quedará establecida en 30.000 euros.

Cando a solicitude parta directamente dunha comunidade de propietarios, a contía total concedida polo banco non poderá exceder do menor dos seguintes importes: a totalidade do orzamento protexible (é dicir, a suma de todas as actuacións que se poden financiar co préstamo) ou ben 10.000 euros por cada vivenda integrante da devandita comunidade.

Cómpre lembrar que nas convocatorias deste programa dos anos 2017, 2018, 2019 e 2020 se concederon 119 préstamos subsidiados en total. Tendo en conta a partida dispoñible para a convocatoria deste ano e facendo unha estimación aproximada, calcúlase que en 2021 poderían chegar a concederse ata 90 axudas a outros tantos beneficiarios do programa.





## A XUNTA DE GALICIA ASINA UN CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O CONTROL AEROBIOLÓXICO NA COMUNIDADE

- **Con este acordo coñeceranse, entre outros datos, as predicións de contidos polínicos na atmósfera, o que constitúe un dato de gran interese clínico debido a capacidade alerxénica do pole**
- **A Administración autonómica vai destinar arredor de 175.000 euros entre os anos 2021 e 2024 para sufragar este traballo**

A Consellería de Sanidade e a Universidade de Vigo van asinar un convenio de colaboración para o control aerobiolóxico de Galicia. Este acordo suporá un investimento de 174.240 para o departamento sanitario galego que serán repartidos entre os anos 2021 a 2024.

A aerobioloxía estuda as partículas orgánicas que son transportadas de xeito pasivo polo aire, e entre as que se atopan, entre outras, as de pole. Coa sinatura deste convenio, Sanidade obterá información de grande interese clínico debido á alta capacidade alerxénica do pole.

Segundo o acordo, semanalmente, a Universidade de Vigo vai recoller as mostras aerobiolóxicas en catro estacións activas localizadas en Santiago, Lugo, Ourense e Vigo. A experiencia investigadora indica que o contido alerxénico é máis elevado nestas poboacións e a súa localización permite extrapolar datos a outros territorios. Unha vez obtidas as mostras, trasladaranse e procesaranse seguindo a metodoloxía validada pola Rede española de aerobioloxía e farase a identificación e recuento dos polínicos alerxógenos.

De marzo a xullo remitirase, ademais, a predición da concentración de pole durante o período principal de presenza de pole no ambiente. Finalmente elaborárase unha memoria de resultados semestral e realizaranse tarefas de difusión e produción científica dos resultados derivados do convenio.

Pola súa banda, a Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia que se encargará de publicar a información polínica recibida e realizar unha valoración desta en termos de saúde.

Os resultados que se obteñan permitirán ampliar o coñecemento sobre a distribución e a dinámica das partículas de pole na atmósfera galega, o cal achegará información importante para o control de risco de enfermidades e permitirá unha maior eficiencia no deseño das políticas sanitarias.

## GALICIA É UNHA DAS PRIMEIRAS REXIÓNS EN ACTUALIZAR OS PARÁMETROS DE CÁLCULO DO ÍNDICE DE CALIDADE DO AIRE PARA ADAPTARSE Á METODOLOXÍA DA AXENCIA EUROPEA DE MEDIO AMBIENTE

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- ***O Consello da Xunta foi informado dos cambios que se introducen nos métodos de cálculo para comunicar á cidadanía o estado da calidade do aire de Galicia, así como a presentación dos resultados na páxina web de Meteogalicia***
- ***Os cambios na metodoloxía consisten en modificar os intervalos de clasificación do ICA, de catro a seis, e cambiar a paleta de cores para identificar a calidade do aire, que incluírá os datos da rede de estacións industriais***

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda informou o Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, que Galicia xa procedeu a realizar os cambios necesarios para calcular o índice de calidade do aire e adaptarse ao valor da Axencia Europea de Medio Ambiente. Deste xeito, Galicia convértese nunha das primeiras rexións en actualizar os parámetros de cálculo usados ata o momento e que agora se cambian para proporcionar unha información da calidade do aire de Galicia o aire homoxénea e evitar confusión na cidadanía.

Ata este momento a Rede de calidade do aire de Galicia tiña a súa propia metodoloxía para o cálculo do devandito índice a nivel rexional, pero con motivo da actualización da metodoloxía do índice europeo de calidade do aire, implementada pola Axencia de Medio Ambiente, modificouse a instrución técnica da Xunta de Galicia para axeitala á nova metodoloxía.

O índice de calidade do aire é un mecanismo que facilita a comunicación á poboación sobre o estado da calidade do aire, empregando unha escala de cores de fácil identificación para a cidadanía, a partir dos datos subministrados polos analizadores automáticos das estacións da Rede de calidade do aire distribuídas por todo o territorio galego.

Así os principais cambios respecto do ICA actual é o aumento do número de intervalos (de 4 a 6), así como a paleta de cores para definir a calidade do aire, que agora recollerá os seguintes niveis: boa, favorable, regular, mala, moi mala e pésima; así como recomendacións para a saúde asociadas a cada estado de calidade do aire dirixidas á poboación en xeral e a grupos de risco e persoas sensibles.

Este cambios provocan, en consecuencia, unha modificación da páxina web de Meteogalicia, na que ademais agora se poderán visualizar os datos en tempo real das estacións industriais, aumentando así o número de puntos de información á poboación sobre a calidade do aire de Galicia de 14 a 45.

Cómpre lembrar que a Rede de calidade do aire de Galicia componse de estacións de control fixas e móbiles de titularidade pública e privada, entre as que se diferencian varios tipos de estación: urbanas, industriais, rurais e de fondo.

Con esta actualización, Galicia é unha das primeiras comunidades autónomas que xa ten implantada a metodoloxía de calculo do ICA da Axencia Europea de Medio Ambiente, uníndose ás de La Rioja, Aragón, Murcia e á Ciudad Autónoma de Ceuta.

## **Auga de chuva**

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

A actualización e revisión da páxina web de Meteogalicia para incorporar os datos e información relativa ao ICA serviu tamén para incluír unha nova epígrafe Auga de chuva, onde se proporciona a localización dos puntos de mostraxe e se amosan datos -e descargados resultados da análise da auga de chuva.

Os resultados obtidos nas mostras de auga de chuva empréganse para complementar os datos obtidos pola rede de estacións fixas e as campañas de medida indicativa realizadas coa unidade móbil, os captadores gravimétricos e a modelización, xa que axudan a identificar zonas en que é necesario medir algún parámetro. Por exemplo, só existen analizadores automáticos de fluoruros en aire ambiente na zona da Mariña Lucense, pero este parámetro analízase na auga de chuva de toda Galicia, de xeito que permite manter a vixilancia deste contaminante en toda a comunidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**MEDIO AMBIENTE CONVOCARÁ ESTE MES AS AXUDAS PARA A COMPRA DE VIVENDA NOS CASE CINCUENTA CENTROS HISTÓRICOS DE GALICIA**

- *O Consello foi informado da Resolución da terceira convocatoria destes incentivos á adquisición de vivenda, para as que se prevé un importe de 600.000 euros*
- *Unha das principais novidades é que se elimina a condición de ser menor de 35 anos para acceder a este incentivo á compra de vivenda*
- *Outra novidade da convocatoria é que case se duplica o límite máximo de ingresos esixidos, para adecuarse aos prezos actuais do mercado inmobiliario*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda convocará este mesmo mes a orde de axudas á compra de vivenda construída nos concellos que teñan declarado un centro histórico. O Consello da Xunta foi informado esta mañá do contido da resolución que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e que prevé un orzamento total de 600.000 euros, case 6 veces máis que na convocatoria no ano anterior.

Unha das novidades da terceira convocatoria de axudas para a adquisición de vivendas en centros históricos é que se estende a consideración de beneficiario a todas as persoas e se elimina a condición de menor de 35 anos como un requisito para ser beneficiario desta liña de incentivos, coa finalidade de favorecer o asentamento da poboación neste tipo de núcleos.

Outra das novidades é que se incrementa o límite máximo de ingresos exixido para acceder á condición de persoa beneficiaria, co fin de adecualo aos actuais prezos do mercado inmobiliario neses ámbitos. Nas convocatorias anteriores, o límite máximo de ingresos era de 3 veces o IPREM, mentres que na convocatoria 2021 incrementase ata 5,5 veces. Tamén se modifica a contía das axudas, polo que se establece unha gradación en función da idade do beneficiario, podendo ser de ata 15.000 euros, no caso de que a vivenda adquirida se atope nunha Área Rexurbe.

**Requisitos dos beneficiarios**

As persoas que desexen beneficiarse dos incentivos desta liña para a adquisición dunha vivenda deben reunir unha serie de requisitos, como ter nacionalidade española ou residencia legal en España, ter uns ingresos anuais máximos de 41.357 euros, é dicir, iguais ou inferiores a 5,5 veces o IPREM; ter adquirido a vivenda a partir do 1 de xaneiro de 2021, mediante contrato privado ou escritura de compravenda, e estar empadroado na vivenda adquirida e non posuír outro inmovible.

A vivenda adquirida tamén deberá cumprir as seguintes condicións: estar situada no ámbito dun dos 47 centros históricos citados no anexo da Orde do 1 de marzo de 2018; e que se trate dunha vivenda xa construída, poden ser vivendas novas, as usadas e as que vaian ser obxecto de rehabilitación.

En canto ao prezo desta, no ámbito dun centro histórico dos concellos da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo, non superará o prezo máximo previsto para as vivendas de protección autonómica de réxime concertado nos municipios de



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

prezo máximo superior, computando unha superficie útil de 120 m<sup>2</sup> e sen incluír os gastos e tributos inherentes á dita adquisición.

E para as vivendas nun ámbito dun centro histórico de concellos non sinalados no parágrafo anterior: o prezo de adquisición non poderá superar o prezo máximo previsto para as vivendas de protección autonómica de réxime concertado situadas na zona I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia, computando unha superficie útil de 120 m<sup>2</sup>, e sen incluír os gastos e tributos inherentes á dita adquisición.

En ambos os casos, o prezo máximo incrementarase nun 8% no suposto de dispoñer de garaxe e nun 2% no suposto de dispoñer de rocho.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PLAN ESTRATÉXICO QUE GUIARÁ A ACCIÓN DA PAISAXE EN GALICIA NOS VINDEIROS CATRO ANOS CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 40 M€

- ***A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presenta un informe no que se da conta dos obxectivos para potenciar o valor ambiental e cultural da paisaxe, así como o seu papel de elemento integrador do territorio galego***
- ***Este plan fixa cinco obxectivos xerais con senllas liñas operativas para mellorar as paisaxes das contornas residenciais, dos espazos senlleiros e das paisaxes agrarias e litorais***

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobou o Plan Estratéxico da Paisaxe Galega que guiará a acción da Comunidade neste eido nos vindeiros catro anos. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presentou esta mañá un informe no que se detallan obxectivos, liñas estratéxicas, iniciativas e proxectos para potencia o valor ambiental e cultural da paisaxe, así como o seu papel como elemento integrador do territorio galego. A Consellería de Medio Ambiente espera mobilizar ata o ano 2024 un orzamento de máis de 40 millóns de euros para o desenvolvemento das actuacións, medidas e programas que recolle o Plan Estratéxico da Paisaxe Galega.

O obxectivo global do Goberno galego con esta folla de ruta é incidir na calidade das paisaxes de Galicia, desde as contornas residenciais -nas que viven a maioría dos galegos- ata os espazos naturais máis senlleiros, pasando polas paisaxes agrarias e litorais.

A Comunidade galega deu un paso importante neste eido a finais de 2020, coa aprobación das Directrices da Paisaxe, que entraron en vigor recentemente, polo que cun marco estable e legal e co dinamismo que representa todo aquilo que involucra a nosa paisaxe no noso ámbito territorial, é necesario avanzar nuns obxectivos comúns.

Así para os vindeiros anos (2021-2024) a Xunta fixa cinco obxectivos xerais no seu Plan Estratéxico da Paisaxe Galega, como establecer e executar unha metodoloxía de traballo para o seguimento do estado das paisaxes de Galicia; desenvolver e actualizar os instrumentos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe; realizar accións concretas de protección, potenciación e mellora das paisaxes, avanzar na concertación e colaboración interadministrativa en materia de paisaxe; e formar, sensibilizar e educar en materia de paisaxe.

Cada obxectivo levará asociado unha liña operativa, con actuacións que se prevén completar e executar nos próximos catro anos. Entre as iniciativas máis destacadas están un plan para control e eliminación do feísmo en Galicia, coa proposta de axudas a particulares e entidades locais para a eliminación e corrección de impactos paisaxísticos, cuxa primeira convocatoria xa se realizará este mesmo ano.

Este ano, a Xunta tamén espera acadar un dos primeiros fitos que recolle esta folla de ruta: aprobación da Estratexia da Infraestrutura Verde de Galicia, que permitirá a posta en marcha

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

da delimitación, localización e as actuacións necesarias para definir este importante elemento de equilibrio ambiental e de conectividade territorial. Desenvolverase en dúas liñas principais: as áreas urbanas e metropolitanas –as correspondentes ás sete cidades de Galicia, das que xa se abordou a da Coruña-, e os territorio das reservas da biosfera.

Outra das medidas será potenciar o distintivo Bandeira Verde de Galicia, que xa ostentan os concellos de Porto do Son e Moaña, para concienciar á poboación do valores da paisaxe e incentivar o desenvolvemento de accións para a súa preservación e mellora; así como os Pactos pola paisaxe, para dar continuidade aos acadados co Concello de Cerdedo-Cotobade e coa Ribeira Sacra, unha liña de actuación para acordar intervencións que melloren a protexan as paisaxes e ámbitos como son concellos costeiros ou as grandes áreas de especial interese paisaxístico.

Ademais, ao longo da vixencia do plan tamén se intentará chegar a acordos para desenvolver plans de acción da paisaxe para os Camiños de Santiago e para os principais accesos e puntos de chegada a Galicia; así como dos grandes espazos naturais e áreas de especial interese paisaxístico do interior.

Tamén se reforzará a identificación, mellora e posta en valor de itinerarios de interese paisaxístico, como a futura Senda Litoral de Galicia e outras sendas peonís e ciclistas en concellos, como as que configuran o Centro Xeográfico de Galicia. Para divulgar o coñecemento e respecto pola paisaxe tamén se apostará por dar a coñecer as redes ciclistas por camiños, pasos rurais e de montaña que existen na nosa comunidade autónoma, baixo o lema *Coñecer a paisaxe de Galicia desde a bicicleta-8.000 km de paisaxes de Galicia en bicicleta MTB*, en colaboración coa Federación Galega de Ciclismo.

Outro dos eidos será a continuidade e impulso de actuacións de humanización e mellora das contornas e espazos urbanos nos concellos de Galicia, para mellorar a imaxe e a paisaxe das prazas dos municipios de Galicia, así como das vías urbanas. E, á vez, a protección das contornas naturais, así como o mantemento dos espazos son outro xeito de intervir; polo que neste plan estratéxico tamén se mantén a aposta polas accións nas reservas da biosfera, nos parques naturais ou na Rede Natura 2000; co fin de preservar e manter os estándares das paisaxes naturais de Galicia.

Como último exemplo, a paisaxe tamén quere ser partícipe do Ano Xacobeo e por iso se organizará o primeiro Congreso sobre a Paisaxe de Galicia, para poñer en valor o coñecemento da paisaxe de Galicia e concienciar da súa importancia neste evento.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

**SANIDADE DESTINA MÁIS DE 3 MILLÓNS DE EUROS Á LOITA CONTRA A COVID-19 NA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE**

- ***Deste orzamento, preto de dous millóns de euros dedícase á adquisición de equipos de protección individual e material para a detección do coronavirus***
- ***A compra de todo este material e a contratación de obras e servizos xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos***

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a tramitación de emerxencia de catro expedientes de contratación, por valor total de 3.002.818 euros, para subministrar material fronte á covid-19 na Área sanitaria da Coruña e Cee. Parte deste orzamento destinábase tamén á realización de determinados traballos e servizos na mesma área sanitaria.

O primeiro dos expedientes aprobados hoxe, cun importe total de 2.492.900 euros refírese á adquisición de equipos de protección individual e material para a detección do coronavirus. A meirande parte, 1.435.200 euros, destínase á compra de PCR para a detección do coronavirus. Tamén hai unha partida de 246.768 euros para medios de transporte do virus de mostras nasofarínxeas e 234.000 euros para test rápidos de detección de antíxenos covid-19 nasofarínxeos. Ademais, hai orzados 152.067 euros para a adquisición de luvas de exame de nitrilo, 86.640 euros para batas protectoras, 40.503 euros para máscaras de protección e 21.000 euros para máscaras cirúrxicas. Complétase esta compra coa adquisición de diversos kits de detección do virus, antiséptico desinfectante tanto para mans como para superficies, cámaras de inhalación para a administración de fármacos en aerosol, etc.

O segundo dos expedientes, de 406.042 euros, ten como obxectivo a realización de diversos traballos e a adquisición de material na área sanitaria coruñesa. Destacan principalmente neste caso, os 250.770 euros para tarefas de limpeza e aseo, un total de 31.101 euros para servizo de transporte e outros 26.406 euros destinados a labores de seguridade. No referido á compra de bens, hai orzamentados 27.877 euros para a adquisición de material non sanitario de mantemento, 18.5634 euros para vestiario e 8.183 euros para instrumental sanitario, entre outros.

En canto aos dous expedientes restantes, recollen un orzamento total de 103.876 euros. Un deles, de 53.297 euros, recolle a adquisición de diversos materiais como carros de medicación, bicicletas estáticas, ergómetros, cadeiras ergonómicas, dosificadores de xel, cadeiras de brazo con bandexa, padiolas para urxencia, etc. O outro expediente, cun orzamento de 50.579 euros, recolle a realización de diversas actuacións na devandita área sanitaria. Entre elas destacan os servizos relacionados cos equipamentos informáticos, o mantemento de instalacións e a adquisición de mobiliario, fundamentalmente.

A adquisición de todo este material e da contratación de obras e servizos detalladas, xustifícase dentro do protocolo de actuación para facer fronte á epidemia da covid-19 que elaborou no seu día o Comité de Expertos no seguimento do coronavirus, e que establece, entre outras medidas, a necesidade de facer provisión de materiais e recursos necesarios no





**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

caso de posibles repuntas. O Comité de Expertos está formado pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade e a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Sergas, a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, representantes das áreas sanitarias e representantes médicos especialistas en enfermidades infecciosas e de urxencias hospitalarias.

## A XUNTA INVISTE MÁIS DE 4,3 MILLÓNS DE EUROS EN 37 EQUIPOS RADIOCIRÚRXCOS PARA OS HOSPITAIS DO SERGAS

- ***O novo equipamento chegará as últimas ferramentas de diagnóstico e tratamento coas doses máis baixas, o que supón unha mellora dos procedementos cirúrxicos cunha maior seguridade para os pacientes***
- ***Esta adquisición representa o inicio do Plan de renovación do equipamento sanitario previsto en 2021 e para o que os orzamentos deste exercicio recollen preto de 60 millóns de euros***

A Xunta de Galicia vai investir 4.356.000 euros na adquisición de 37 equipos radiocirúrxicos para os hospitais do Servizo Galego de Saúde. Este novo equipamento chegará as últimas ferramentas de diagnóstico e tratamento coas doses máis baixas, o que supón unha mellora dos procedementos cirúrxicos cunha maior seguridade para os pacientes.

Destes 37 equipos, tres deles son radiocirúrxicos vasculares. Están destinados, en exclusiva, aos quirófanos de cirurxía vascular e permiten a realización de técnicas complexas de cirurxía vascular como a reparación endovascular de vasos arteriais periféricos en membros inferiores, sistema carotídeo e enfermidade dexenerativa da aorta torácica e abdominal, tanto oclusiva como aneurismática. Estes tres equipos son para o Hospital Universitario de Ourense, o Hospital Universitario Lucus Augusti e o Hospital Clínico Universitario de Santiago.

Os restantes 34 equipos radiocirúrxicos son para renovar os equipamentos existentes nos bloques cirúrxicos para o seguimento e control en intervencións de cirurxía xeral, ortopedia, traumatoloxía, uroloxía, etc. Os aparellos licitados dispoñen de tecnoloxía que mellora a calidade da imaxe, e a capacidade de integración da imaxe e das doses impartidas.

Estes equipos repártense entre as sete áreas sanitarias. Na área da Coruña e Cee, irán ao Hospital Universitario da Coruña, ao Teresa Herrera, ao Abente e Lago e ao Virxe da Xunqueira. Na área de Ferrol, son para o Hospital Arquitecto Marcide e para o Naval. Na área de Santiago e O Barbanza, destínanse ao Hospital Clínico Universitario, ao de Conxo e ao público do Barbanza. En canto a área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, os hospitais receptores dos equipos son o Lucus Augusti, o de Monforte e o da Mariña. Na área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras, os equipos van para o Hospital Universitario de Ourense e os públicos de Verín e Valdeorras. En canto á área de Pontevedra e o Salnés, o equipo vai para o Hospital Provincial de Pontevedra, e na área sanitaria de Vigo destínanse ao Hospital Álvaro Cunqueiro e ao Meixoeiro.

A adquisición destes equipamentos, xunto a do equipo de ultrasóns de alta frecuencia focalizado (HIFU) do que se informou no Consello do pasado día 4 de febreiro, inician o Plan de renovación de equipamento sanitario previsto para 2021. Para este plan, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o presente ano, ten destinado un orzamento de 60 millóns de euros.



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta



**A XUNTA DESTINA 1,4 MILLÓNS DE EUROS Á OBTENCIÓN DE MATERIAIS FORESTAIS DE REPRODUCCIÓN E Á MELLORA XENÉTICA DAS PRINCIPAIS ESPECIES DO MONTE GALEGO NOS ANOS 2021 E 2022**

- ***O Consello da Xunta avaliou hoxe o informe da Consellería do Medio Rural sobre o Plan de actuación no ámbito do material forestal de reprodución***
- ***Galicia conta na actualidade con 16 hortas públicas de semente coas máximas categorías xenéticas, declaradas dentro do catálogo de materias de base e con máis de 48 hectáreas plantadas***
- ***Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción de madeira de distintas especies forestais***

A Xunta investirá entre 2021 e 2022 uns 1,4 millóns de euros para obter materiais forestais de reprodución e mellorar xeneticamente as principais especies forestais do monte galego. Así o recolle o informe da Consellería do Medio Rural analizado hoxe polo Consello da Xunta, onde se detallan os principais traballos de plantación e reprodución que permiten contar con planta de alta calidade xenética das especies máis demandadas polos silvicultores e moi adaptada ás necesidades concretas do monte galego.

Así, a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, traballa na xestión dos materiais de base dos que se obtén a semente de alta calidade xenética, capaz de satisfacer as demandas de materiais forestais de reprodución (MFR) de planta de calidade e coa capacidade necesaria de resiliencia ante enfermidades, pragas ou mesmo o cambio climático.

A produción dos materiais de reprodución parte de programas de selección e mellora xenética que permiten obter os materiais de base reprodutivos dos cales, utilizando as técnicas precisas, se obteñen froitos, sementes, plantas ou partes das plantas que se empregan nos procesos de reforestación.

Neste senso, a Consellería conta na actualidade con 16 hortas de semente coas máximas categorías xenéticas, declaradas dentro do catálogo de materias de base e cun total de 48,01 hectáreas plantadas. Por outro lado, este departamento autonómico tamén xestiona e mantén outros tres campos de plantas nai de carballo (*Quercus robur*) en preto de tres hectáreas de terreos de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, situados nos concellos de Santa Comba, Chantada e Trasmiras.

Deste xeito, a Consellería é capaz de subministrar sementes e froitos de alta calidade para a plantación de diversas especies no monte galego aos principais viveiros forestais rexistrados. Na actualidade, a través da produción destas hortas cóbrense as demandas actuais de especies como o piñeiro do país (*Pinus pinaster*), o abeto douglas (*Pseudotsuga menziesii*) ou o pradairo (*Acer pseudoplatanus*).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Con todo, para poder camiñar cara ao modelo de monte especificado na 1ª revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 “Cara á neutralidade carbónica”, é necesario reforzar a produción das coníferas e das frondosas autóctonas de especial interese.

Para iso, a Consellería está a traballar na implantación de cinco novos hortos que completan a dotación actual de hortos de piñeiro e aseguran a conservación de tan valioso xermoplasma. En concreto, de dous novos hortos cualificados de *Pinus radiata*, un novo horto de *Pinus pinaster* específico para plantacións no interior de Galicia, e dous novos hortos de *Pinus pinaster* coas familias resistentes á praga do nematodo do piñeiro.

Doutra banda, tamén se están a testar as procedencias do piñeiro albar (*Pinus sylvestris*) máis aptas para as zonas de montaña das provincias de Lugo e Ourense. Así mesmo, e en colaboración coa Fundación Paideia e o Centro de Investigacións Forestais de Lourizán, estase a traballar no desenvolvemento de técnicas para a reprodución in vitro do carballo (*Quercus robur*) e da cerdeira (*Prunus avium*).

Todos estes traballos de plantación e reprodución permiten contar con planta de alta calidade xenética das especies máis demandadas polo sector forestal galego, logrando un desenvolvemento territorial equilibrado da economía e das comunidades rurais, incluíndo a creación e a conservación de emprego.

### Potencia forestal

Galicia é a principal comunidade autónoma de España en produción de madeira de distintas especies forestais, por iso é necesario contar con planta das especies máis demandadas nas cantidades necesarias e cunha calidade xenética que asegure que satisfai as demandas da industria e da sociedade, ao tempo que é capaz de resistir ao cambio climático, a enfermidades e a pragas.

Para garantir a sustentabilidade dos montes cómpre acelerar a mellora xenética e o sistema de produción do material forestal de reprodución, xa que o mercado precisa cada vez madeira de maior calidade e exige que a materia prima proceda dunhas árbores sometidas a boa silvicultura, procedentes dunha boa selección xenética, e nun futuro, que esta mellora xenética se adapte ás demandas do mercado.

Precisamente, na 1ª revisión do Plan forestal de Galicia recóllese un programa de rede de parcelas de alto valor xenético e xestión de materiais de base, que ten por obxecto garantir a dispoñibilidade de MFR das principais especies arbóreas produtivas de madeira e froito. Así mesmo, tamén recolle o desenvolvemento dun programa de conservación de recursos xenéticos forestais, co fin de crear unha rede de masas forestais de conservación de recursos xenéticos que favorezan as poboacións autóctonas de Galicia.

## AS VENDAS DE PEIXE NAS LONXAS GALEGAS MANTIVÉRONSE EN 2020 MALIA AS DIFICULTADES ANTE A ALERTA SANITARIA POLO CORONAVIRUS

- ***O Consello da Xunta analizou hoxe un informe que mostra que as cantidades comercializadas deste grupo de produtos do mar caeron un 2,4% o ano pasado grazas ao esforzo realizado pola frota galega para abastecer de alimentos de calidade á cidadanía***
- ***O conxunto dos centros de primeira venda de Galicia reduciu un 5% as cantidades poxadas de produtos pesqueiros e algo máis dun 10% os ingresos como consecuencia da baixada rexistrada nos bivalvos ante a menor actividade do sector marisqueiro polo peche da hostalería, a súa principal canle de venda***
- ***O prezo medio dos produtos do mar acadou os 2,75 euros o quilo en 2020, a terceira mellor cotización da serie, que se remonta a 1997***
- ***A especie que máis ingresos achegou ás lonxas galegas foi a pescada, con preto de 100 millóns de euros, mentres que o recurso con máis presenza nas poxas foi o xurelo, con preto de 32.000 toneladas comercializadas***

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a primeira venda de produtos pesqueiros frescos realizada o ano pasado nas lonxas e centros autorizados de Galicia que mostra que a comercialización de peixe se mantivo practicamente estable en relación con 2019 malia as dificultades derivadas da alerta sanitaria polo coronavirus. A poxa das distintas especies de peixe sufriu un descenso do 2,4% en 2020, con algo máis de 138.000 toneladas, o que demostra o esforzo realizado pola frota galega durante o pasado exercicio para abastecer de alimentos de calidade á cidadanía durante a pandemia.

Trátase dun esforzo que o sector realizou en moitas ocasións malia non ser rendible a súa actividade, como reflicte o feito de que a facturación pola venda de peixe caeu en maior medida que as descargas, un 6%, con algo máis de 300 millóns de ingresos pola súa venda, posto que o prezo medio dos peixes caeu ante a menor demanda destes produtos.

O balance global de 2020 nas lonxas galegas -incluíndo todas as especies- deixa unha caída do 5% nas cantidades comercializadas, ata superar levemente as 150.000 toneladas, e unha baixada na facturación de algo máis do 10%, ata rozar os 413 millóns de euros. Estes descensos débense en boa medida á evolución da comercialización dos bivalvos, cunha caída das cantidades poxadas do 34% e dos ingresos obtidos do 24%, como consecuencia da menor actividade do sector marisqueiro durante boa parte do ano polo peche da hostalería, a principal canle de venda destes produtos.

Esta evolución das descargas e das poxas demostra que o sector pesqueiro resistiu mellor que outras ramas de actividade da economía galego o impacto da crise polo coronavirus. Entre os datos positivos rexistrados malia a pandemia, está o prezo medio dos produtos do mar, que acadou en 2020 os 2,75 euros o quilo, o que supón a terceira mellor cotización da serie, que se remonta a 1997, tras baixar desde os 2,94 euros o quilo acadados un ano antes.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Por grupos de especies, preto do 92% da cantidade comercializada en 2020 era peixe, con eses 300 millóns de euros de facturación. Entre o 8% restante destaca o grupo dos bivalvos, que achegou algo máis do 4% das vendas e acadou uns ingresos de 66 millóns de euros, máis do 16% da facturación total das lonxas e centros de primeira venda de Galicia ao tratarse de produtos que obteñen prezos medios altos.

Atendendo ás zonas xeográficas, as lonxas da provincia da Coruña foron as que máis especies pesqueiras descargaron, con case o 52% das vendas (preto de 78.000 toneladas), seguidas das de Pontevedra (25% e 38.000 toneladas) e das de Lugo (23% e 34.000 toneladas). En relación coa facturación, A Coruña tamén se mantén como a primeira, co 37,4% dos ingresos e máis de 154 millóns de euros, seguida moi de preto por Pontevedra, co 37,1% dos ingresos, por enriba dos 153 millóns de euros. Lugo queda co 25% restante ao superar os 105 millóns de euros de cifra de negocios.

En canto ás zonas administrativas da produción, copan a maior parte da actividade as que teñen na súa área de influencia algunha das lonxas máis grandes: A Mariña, Arousa, Coruña-Ferrol e Vigo. De feito, esta catro zonas concentran o 86% das vendas e da facturación do conxunto de centros de primeira venda da comunidade.

**Resultados por lonxas e especies**

O informe da Consellería do Mar destaca que as lonxas da Coruña, Vigo, Ribeira, Burela e Celeiro se manteñen como as máis importantes de Galicia ao concentrar máis do 82% dos produtos do mar frescos comercializados e case o 73% da facturación. En canto aos ingresos xerados destacan tamén outras como O Grove, Cambados, Noia ou Carril, froito da súa actividade marisqueira e vinculada á frota de artes menores con recursos que acadan un alto valor comercial.

Por especies, a máis comercializada en 2020 nas lonxas galegas foi o xurelo, con preto de 32.000 toneladas, seguida da pescada, con case 26.000 toneladas, e do lirio, con máis de 20.000 toneladas. Estas tres especies concentran máis da metade das capturas totais poxadas durante o ano pasado. En canto á facturación, a especie destacada é a pescada, cuns ingresos xerados de preto de 100 millóns de euros e unha cuarta parte da cifra de negocios total das lonxas. Séguena a distancia outras especies como o peixe sapo (34 millóns), a ameixa xaponesa (máis de 28 millóns), o xurelo (26 millóns) e o rapante, cuns ingresos xerados de máis de 25 millóns de euros.